



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 28 DE FEBREIRO DE 2013

LICENZAS

OUTRAS OBRAS

LIC/840/2010.- MARIA CELIA VAZQUEZ VARELA.- Instalación de ascensor en Avda. das Casas de Compostela, 5.

CORRECCIÓN DE ERRO

LIC/584/2012.- JESUS REY IGLESIAS.- Corrección de erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local do día 18 de outubro de 2012.

RECURSO DE REPOSICIÓN

LIC/2189/2011.- Comunidade de Propietarios rúa do Penedo núm. 5.- Estimación do recurso de reposición contra o acordo do 10/01/2013 polo que se declaraba caducada a licenza outorgada o 05/12/2011 para instalar dous ascensores.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/1663/2011.- GALCAR, SA.....LIC/1414/2007 5.000 €

LIC/185/2013.- JOSE MANUEL LOPEZ DOCE..... LIC/1862/2008 1.500 €

4.- Transmisión da licenza de autotaxi Nº 92 a favor do fillo e asalariado JOSE LUIS ALONSO REDONDO.

Apróbase a transmisión.

5.- Transmisión da licenza de autotaxi nº 35 a favor do asalariado DANIEL LOPEZ MARIÑO.

Apróbase a transmisión.

6.- Transmisión da licenza de autotaxi nº 105 a favor do asalariado JUAN JOSÉ REBOREDO CRISTOBO.

Apróbase a transmisión.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á solicitude ao Ministerio de Fomento-Demarcación de Estradas do Estado de Galicia de conservación e mantemento das vías de servizo na estrada N-550 A Coruña-Tui, no tramo (Santiago-Sigüeiro).

A proposta do concelleiro de Medio Rural, visto o informe do enxeñeiro de camiños do Concello no que se aprecia o estado de deterioro dos pavimentos das vías de servizo ao longo do tramo da N-550, Santiago-Sigüeiro, e sendo responsable o Ministerio de Fomento do seu mantemento e conservación en adecuadas condicións de seguridade para o seu uso, a XGL aprobou requerir ao Ministerio de Fomento para que proceda de forma urxente á reparación dos pavimentos deteriorados.

9.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á adhesión ao convenio de colaboración entre a FEGAMP e a USC para a organización de prácticas de alumnos.

Con data de 30 de maio de 2012 a FEGAMP e a USC asinaron un convenio de colaboración para que o alumnado desta universidade puidese realizar prácticas profesionais nos concellos e deputacións que se sumen ao mesmo. Co obxecto de desenvolver nas entidades locais tarefas adecuadas ao seu nivel de formación e adquirir así experiencia para, unha vez finalizada a formación, permitir a súa incorporación ao mundo laboral, a XGL aproba a adhesión do Concello de Santiago de Compostela a este convenio.

10.- Proposta da concelleira delegada de Normalización Lingüística relativa á aprobación da convocatoria da II edición do Club de Debate e as bases que o regulan.

Apróbase a convocatoria dunha segunda edición e as bases reguladoras cos concellos da anterior edición e coa posibilidade de que se sumen outros.

11.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación dos prazos de admisión e matrícula nas Escolas Infantís Municipais de Conxo, das Fontiñas e de Meixonfrío-Salgueiriños. Curso 2013-2014.

A XGL aprobou a proposta da Concelleira de Educación mediante a cal se aproban os prazos e o procedemento de admisión nas Escolas Infantís Municipais de Conxo, das Fontiñas e de Meixonfrío-Salgueiriños.

O prazo de presentación de solicitudes de procedemento de reservas de praza e de traslado do alumno actual será do 1 ó 11 de marzo.

O prazo de presentación de solicitudes de novo ingreso será do 15 de marzo ó 16 de abril.

Entre o 2 e o 10 de maio farase pública a proposta inicial. Publicarase a lista definitiva entre o 23 e 31 de maio.

O prazo de matrícula sera do 3 ó 18 de xuño.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión de espazos dentro do Estadio Municipal de San Lázaro para o Campionato Nacional de Enduro.

Unha vez visto o escrito presentado pola entidade MNM (Móveté Na Moto), organizadora dunha proba do Campionato de España de Enduro, aprobouse a proposta do Concelleiro de Deportes mediante a cal se autoriza, con carácter gratuíto, o uso dentro do Estadio Municipal de San Lázaro de vestiarios e aseos, así como dun lugar a modo de oficina, desde o 28 de febreiro ata o 3 de marzo, ambos inclusive, para facilitar a posta en marcha deste evento que inclúe tramos da proba nas inmediacións exteriores do citado equipamento deportivo.

13.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego para dar conta do abono pola Deputación Provincial da Coruña do 50% da subvención do programa "Acción Socioeducativa de Rúa".

Dáse conta á XGL do pago pola Deputación da Coruña do 50% do importe dunha subvención para o Programa FOAXCA ACCIÓN SOCIOEDUCATIVA DE RÚA, por un importe de 22.275 €.

URXENCIAS

1.- Aprobación de liberación de 5.000 euros procedentes de axudas MAPIS para bolsas de comedor escolar.